



O Consello da Cultura Galega de acordo coa proposta da PONENCIA DE LINGUA na súa reunión do día 8 de setembro de 1994 ante a polémica suscitada arredor do topónimo A Coruña manifesta o seguinte:

1.- Desde o punto de vista filolóxico, a forma do topónimo é *Cruña*, procedente dunha forma prerromana *CLUNIA.

Antes do século XII o lugar aparece documentado co nome *Faro e Burgo do Faro*. A partir desta época, documéntanse as formas romances semicultas *Cruña* e as latinizadas *Clunia* e *Crunia*.

Xa en épocas tardías, aparece a forma *Coruña*, con epéntese, que actualmente é a usual.

Polo que respecta ó artigo, independentemente da variante utilizada *Coruña/Cruña*, hoxe é xeral o uso do artigo. Ademais é unha norma universal considerar que cando se fixa o uso do artigo diante dun nome propio de poboación, aquel forma parte integral do topónimo: La Rochelle, Den Hagen, Las Palmas, A Gudiña, El Cairo, figuran de tal maneira nos mapas e nomenclátors.

2.- Desde o punto de vista legal, o Parlamento Galego, na Lei de Normalización Lingüística deixou establecido o principio de que "os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega" (art. 10).

De informar sobre formas galegas encárgase a Comisión de Toponimia, formada por expertos no tema, designados pola Xunta de Galicia, aínda que a decisión final segundo o artigo 10.2 da Lei de Normalización Lingüística correspóndelle á Xunta. Esta oficializou o topónimo *A Coruña*, previo informe da devandita Comisión, mediante o Decreto 146/84, do 27 de setembro. A decisión foi asumida por organismos como o Instituto Geográfico Nacional de España, que desde entón inclúe na súa cartografía a forma oficial galega do topónimo. A partir daquela, *A Coruña* é a denominación que aparece en documentos como a guía de teléfonos. Por outra banda, o Concello da cidade da Coruña non recorreu a decisión nin no seu momento nin en anos posteriores, o que se interpretou como unha aceptación da decisión.



3.- Desde o punto de vista cultural e sociolóxico, a cidade da Coruña pode gabarse dunha tradición galeguista moi ilustre, xa que foi o berce de iniciativas fundamentais para a lingua e a cultura galegas, como a Biblioteca Gallega, publicada a finais do XIX e primeiros do XX, ou a fundación da Real Academia Galega, que hoxe ten a súa sede na propia cidade da Coruña, e das Irmandades da Fala, que tiveron un papel esencial na promoción da lingua galega. Na actualidade, o último Censo Oficial de Poboación, recollido en 1991, amosa que o galego é lingua de uso habitual para un sector considerable da poboación da Coruña.

A vista do anterior, o Consello da Cultura Galega fai votos para que o Concello da Coruña, en consonancia coa lexislación, a documentación filolóxica, a tradición cultural e a realidade sociolingüística da cidade, trate con respecto o ordenamento legal, así como co agarimo que merece un ben tan noso, de tódolos galegos, como é a lingua. As autoridades políticas, espello do comportamento dos cidadáns, correspóndelles dar exemplo.